ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1550	Saúde e riscos do medio construído	2023/2024	0	105	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA CASTRO AGRA,IAGO PÉREZ RODRÍGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica procedementos de inspección e control, tendo en conta as relacións das condicións hixiénico-sanitarias coas deficiencias do medio construído e coas medidas preventivas correspondentes
RA2 - Aplica procedementos de inspección e control, tendo en conta as relacións das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (MINP) coas medidas preventivas e correctoras establecidas
RA5 - Elabora programas de vixilancia ambiental no medio construído, tendo en conta as relacións dos riscos específicos sobre a saúde, o benestar e o ambiente coas medidas de prevención e de protección

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Caracterizáronse as condicións hixiénico-sanitarias necesarias en vivendas, establecementos e espazos públicos
CA1.2 Enumeráronse os requisitos legais de habitabilidade de acordo coa normativa
CA1.3 Identificáronse os perigos, os puntos críticos de control e vixilancia e os condicionantes, para o diagnóstico de saúde do medio construído
CA1.4 Seleccionouse a documentación relevante para a vixilancia das condicións técnico-sanitarias no medio construído e para a elaboración do estudo de impacto ambiental
CA1.5 Realizáronse procedementos de inspección e control das condicións hixiénico-sanitarias do medio construído
CA1.6 Utilizáronse sistemas de recollida de datos para o seu tratamento estatístico
CA1.7 Aplicáronse criterios de calidade na formalización das actas de inspección e elaboración de informes
CA1.8 Definiuse o procedemento utilizado para cada tipo de inspección hixiénico-sanitaria e estableceuse un cronograma de traballo
CA1.9 Caracterizáronse as deficiencias máis frecuentes das condicións hixiénico-sanitarias e as posibles recomendacións e medidas correctivas en caso de risco inminente para a saúde pública e o ambiente

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Caracterizáronse as actividades MINP e o seu impacto sobre a saúde e o ambiente
CA2.2 Seleccionáronse os requisitos legais sobre actividades MINP segundo a lexislación
CA2.3 Clasificáronse as condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos segundo o tipo de actividade
CA2.4 Identificáronse os perigos, os puntos críticos de control e vixilancia e os condicionantes en establecementos con actividades MINP
CA2.5 Analizáronse censos, cartografías e infraestruturas das actividades MINP
CA2.6 Analizáronse as características dos sistemas de xestión dos residuos xerados
CA2.7 Calculouse a carga polucionante do aire, da auga e do solo de diversas actividades
CA2.8 Determinouse o procedemento para a autorización administrativa de actividade MINP
CA2.9 Caracterizáronse as técnicas de afastamento e as de imposición de medidas correctoras
CA2.10 Desenvolvéronse estudos de impacto ambiental tendo en conta as medidas preventivas e correctoras establecidas
CA5.1 Relacionáronse as condicións hixiénico-sanitarias do medio construído cos efectos sobre a saúde e o benestar
CA5.2 Relacionáronse as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (MINP) cos efectos sobre a saúde e o ambiente
CA5.3 Identificáronse os aspectos epidemiolóxicos das doenzas adquiridas por deficiencias hixiénico-sanitarias na vivenda
CA5.4 Determináronse as principais medidas para a prevención e o control das deficiencias hixiénico-sanitarias das vivendas
CA5.5 Identificáronse os aspectos epidemiolóxicos das doenzas e das intoxicacións asociadas a establecementos públicos
CA5.6 Determináronse as principais medidas para a prevención e o control das deficiencias hixiénico-sanitarias dos establecementos públicos
CA5.7 Caracterizáronse os compoñentes dun programa de vixilancia ambiental
CA5.8 Elaboráronse informes coas principais medidas para a prevención e o control dos riscos asociados ao medio construído

Criterios de avaliación do currículo
CA5.9 Redactáronse os programas de vixilancia ambiental
CA5.10 Xustificouse a importancia de conseguir contornos sustentables e saudables

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Toma mostras de elementos do medio construído de acordo co protocolo de actuación establecido, logo de seleccionar o procedemento en función das características da mostra
RA4 - Analiza e mide parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e toxicolóxicos de elementos do medio construído, aplicando os protocolos establecidos, e rexistra os resultados

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA3.1 Identificáronse os métodos de mostraxe
CA3.2 Identificáronse as características que interveñen na calidade da mostra obtida
CA3.3 Clasificáronse os tipos de mostraxe para a avaliación dos lugares e das instalacións segundo criterios técnico-legais
CA3.4 Clasificouse a información que se debe compilar para permitir a avaliación dos resultados obtidos na análise posterior
CA3.5 Preparáronse os instrumentos e os equipamentos de recollida necesarios na toma de mostras
CA3.6 Seleccionáronse os medidores de lectura directa para utilizar na mostraxe

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA3.7 Envasáronse e etiquetáronse mostras e reactivos de acordo co sistema de codificación establecido
CA3.8 Obtívose a cantidade requirida de mostras válidas nas condicións establecidas pola normativa
CA3.9 Aplicáronse as técnicas de conservación e os métodos de transporte segundo o tipo de mostra, de acordo cos protocolos e coa normativa de referencia
CA3.10 Formalizouse a documentación preanalítica que acompaña a mostra
CA3.11 Adoptáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no proceso de toma de mostras
CA4.1 Identificáronse os parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e toxicolóxicos significativos de elementos do medio construído
CA4.2 Identificáronse as técnicas empregadas para a análise de medio construído
CA4.3 Caracterizáronse os métodos analíticos para garantir a calidade dos datos obtidos
CA4.4 Preparáronse os equipamentos e os instrumentos de medida, o material e os reactivos de acordo coas especificacións establecidas
CA4.5 Comprobouse a limpeza, a preparación e a calibraxe dos equipamentos e do instrumental utilizado
CA4.6 Caracterizáronse os equipamentos medidores e os laboratorios portátiles para análise in situ
CA4.7 Realizáronse as análises e as medidas conforme os protocolos normalizados de traballo, para garantir a calidade dos datos analíticos
CA4.8 Desenvolvéronse datos sobre fontes de emisión de ruídos e radiacións ionizantes de forma obxectiva e normalizada
CA4.9 Rexistráronse os valores analíticos e as medicións efectuadas para o posterior tratamento dos datos
CA4.10 Tratáronse estatisticamente os datos rexistrados e interpretáronse os valores obtidos
CA4.11 Tratáronse e elimináronse os residuos xerados no procedemento analítico, para evitar posibles contaminacións
CA4.12 Elaboráronse os informes requiridos e formalizáronse consonte o protocolo normalizado

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exisibles serán:

_ Identificar e describir os compoñentes das vivendas e establecementos públicos, recoñecendo a súa idoneidade hixiénico-sanitaria, puntos críticos e de vixilancia.

_ Describir os criterios sanitarios que deben reunir os establecementos públicos permanentes e de uso estacional.

_ Describir, dende un punto de vista hixiénico-sanitario, os sistemas de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais, eliminación de residuos e sistemas de loita anti-vectores das vivendas e establecementos públicos.

_ Explicar as deficiencias máis frecuentes, relacionándoas coas medidas correctoras para introducir.

_ Describir as medidas correctoras para tomar en establecementos MINP: separación física, producción de residuos sólidos, hixiénicos e contaminantes atmosféricos.

_ Clasificar os establecementos en función das súas actividades, calculando a carga polucionante do aire, auga e solo.

_ Identificar o material para toma de mostras no medio construído e realizar as distintas técnicas de mostraxe.

- Preparar os equipamentos e os instrumentos de medida, o material e os reactivos de acordo coas especificacións establecidas.
- Identificar os parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e toxicolóxicos significativos de elementos do medio construído.

_ Describir as características epidemiolóxicas das enfermidades causadas por alteracións das vivendas e establecementos públicos.

_ Describir as características epidemiolóxicas das enfermidades causadas por alteracións nas actividades MINP.

- Caracterizar os compoñentes dun programa de vixilancia ambiental

A avaliación constará dunha proba teórica, seguida dunha proba práctica.

A primeira parte da proba será a proba teórica que consistirá nun test de resposta múltiple, con 4 posibles respostas e somente unha correcta, descontando unha resposta correcta. por cada 2 respostas incorrectas. Deberase acadar un 5 sobre 10 para poder realizar a proba práctica.

A segunda parte da proba farase somente para aqueles aspirantes que superen a primeira parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Realizarase unha proba escrita eliminatoria, que para a súa superación debera obterse unha cualificación de cinco puntos ou máis.
Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo tes de resposta única. Cada 3 respostas incorrectas descontarase unha correcta.
As preguntas non respostadas non puntuarán negativamente.
A proba puntuarase de 0 a 10 e requerirase dun mínimo de 5 para superala. A duración da proba teórica será de 2:00 h.
Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble. Non se permitirá o uso de móbiles.
Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.
A proba será preferiblemente presencial, pero se a situación sanitaria debido a pandemia non o permitise, faríase telemáticamente a través das aplicacións informáticas dispoñibles para a súa realización.

4.b) Segunda parte da proba

Consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos, a resolver individualmente que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
A proba puntuarase de 0 a 10 e requerirase dun mínimo de 5 para superala.
Valorarase a orde, a aplicación das medidas de seguridade e hixiene na execución
Non se permitirá o uso de móbiles.
Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.
A proba será preferiblemente presencial, pero se a situación sanitaria debido a pandemia non o permitise, faríase telemáticamente a través das aplicacións informáticas dispoñibles para a súa realización.